



Xacobeo 2021

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Mes de abril e 1º cuadrimestre de 2019

PROVINCIA DE A CORUÑA
ABRIL 2019

| TIPO DE ALOXAMENTO | VIAXEIRO | | NOITES | | ESTADÍA MEDIA | | OCUPACIÓN | |
|-------------------------------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
| | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | % | Var. Int. 19/18 |
| HOTEIS | 131.174 | 11,5% | 235.566 | 12,3% | 1,80 | 0,7% | 44,52% | 2,93 |
| PENSIÓNS | 29.831 | 17,9% | 56.885 | 26,7% | 1,91 | 7,4% | 25,87% | 7,22 |
| ESTAB. HOTELEIROS | 161.005 | 12,7% | 292.451 | 14,8% | 1,82 | 1,9% | 39,00% | 4,84 |
| APTOS. TURÍSTICOS | 4.083 | -7,1% | 10.777 | 8,7% | 2,64 | 17,0% | 21,47% | 0,87 |
| TURISMO RURAL | 5.909 | 36,7% | 9.901 | 34,4% | 1,68 | -1,7% | 18,25% | 4,50 |
| ESTAB. EXTRAHOTELEIROS | 9.992 | 14,6% | 20.678 | 19,6% | 2,07 | 4,4% | - | - |
| TOTAL | 170.997 | 12,8% | 313.129 | 15,1% | 1,83 | 2,1% | - | - |

- Comportamento positivo da demanda turística na provincia de A Coruña neste cuarto mes do ano, con crecementos tanto da cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados –do 12,8%- coma do volume de noites –do 15,1% neste caso-.
- Este incremento afecta a todas as tipoloxías con diversa intensidade. A subas máis notorias sitúanse nas pensións –cun crecemento do 27%- e nos establecementos de turismo rural –do 34% neste caso-. Nos hoteis, tipoloxía de maior peso, o crecemento é do 12% no volume de noites.
- O 93% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 75% nos hoteis e un 18% nas pensións-. O 7% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado tanto na dirección coma na intensidade. En concreto, neste mes sobe o turismo interno –un 15,7%-, o receptor nacional –un 13,2%- e o internacional –un 16,5% neste caso-.
- O segmento de maior peso neste mes é o receptor nacional. Representa en abril o 46% do total da demanda –medida en pernoctacións-. O mercado internacional supón o 34% neste caso, porcentaxe moi elevada e superior á rexistrada nas restantes tres provincias. O mercado interno apenas supón o 19% neste mes.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella ao da demanda. Sobe e mellora en todas as modalidades, con maior intensidade nas pensións e nos establecementos de turismo rural, e máis suave nos apartamentos turísticos.

PROVINCIA DE A CORUÑA
1º CUADRIMESTRE 2019

| TIPO DE ALOXAMENTO | VIAXEIRO | | NOITES | | ESTADÍA MEDIA | | OCUPACIÓN | |
|-------------------------------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
| | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | % | Var. Int. 19/18 |
| HOTEIS | 364.794 | 3,9% | 637.938 | 3,9% | 1,75 | 0,0% | 32,65% | 0,02 |
| PENSIÓNS | 61.374 | 1,2% | 146.626 | 15,0% | 2,39 | 13,7% | 18,75% | 4,43 |
| ESTAB. HOTELEIROS | 426.168 | 3,5% | 784.565 | 5,8% | 1,84 | 2,3% | 28,67% | 1,94 |
| APTOS. TURÍSTICOS | 11.488 | 2,8% | 27.933 | -2,1% | 2,43 | -4,8% | 15,59% | -1,11 |
| TURISMO RURAL | 10.967 | 14,0% | 17.501 | -4,9% | 1,60 | -16,6% | 10,11% | 0,49 |
| ESTAB. EXTRAHOTELEIROS | 22.455 | 8,0% | 45.434 | -3,2% | 2,02 | -10,4% | - | - |
| TOTAL | 448.623 | 3,7% | 829.999 | 5,3% | 1,85 | 1,5% | - | - |

- Nos primeiros catro meses deste ano obsérvase, en termos globais, un comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 3,7% e o volume de noites un 5,3% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Obsérvase un comportamento dispar a nivel das diferentes tipoloxías. En concreto, sobe a demanda no ámbito hoteleiro –un 3,9% nos hoteis e un 15,0% nas pensións- e descende, en cambio, no extrahoteleiro –un 2,1% nos apartamentos turísticos e un 4,9% nos establecementos de turismo rural-.
- O 94,5% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 76,9% nos hoteis e un 17,7% nas pensións-. O 5,5% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes mercados. O incremento é máis elevado no turismo interno e o internacional –segmentos que soben un 9%- e menos acusado no receptor nacional –que se incrementa neste mes un 2,7%-.
- O segmento de maior peso é o turismo receptor nacional –representa o 48% do total-. O segmento internacional supón neste período o 25,3%.
- A estadía media increméntase nun 1,5% para situarse en 1,85 noites de media.
- En termos de ocupación o comportamento difire levemente nas distintas tipoloxías. Mellora en todas elas agás nos apartamentos turísticos –modalidade na que descende nun punto porcentual-. O crecemento máis notorio rexístrase nas pensións, cunha suba de máis de catro puntos porcentuais.
- A cifra de ocupación máis elevada rexístrase nos hoteis, cun 32,6% de media neste período de catro meses.

PROVINCIA DE LUGO
ABRIL 2019

| TIPO DE ALOXAMENTO | VIAXEIRO | | NOITES | | ESTADÍA MEDIA | | OCUPACIÓN | |
|-------------------------------|---------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
| | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | % | Var. Int. 19/18 |
| HOTEIS | 36.711 | 23,9% | 65.980 | 24,9% | 1,80 | 0,8% | 39,99% | 7,34 |
| PENSIÓNS | 17.501 | 70,9% | 26.154 | 21,4% | 1,49 | -29,0% | 22,17% | 2,31 |
| ESTAB. HOTELEIROS | 54.212 | 36,0% | 92.135 | 23,9% | 1,70 | -8,9% | 32,54% | 5,03 |
| APTOS. TURÍSTICOS | 3.254 | 82,2% | 13.281 | 168,4% | 4,08 | 47,3% | 31,67% | 15,33 |
| TURISMO RURAL | 6.638 | 70,8% | 10.552 | 81,1% | 1,59 | 6,0% | 20,32% | 9,52 |
| ESTAB. EXTRAHOTELEIROS | 9.892 | 74,4% | 23.833 | 121,2% | 2,41 | 26,8% | - | - |
| TOTAL | 64.104 | 40,8% | 115.968 | 36,2% | 1,81 | -3,2% | - | - |

- Rexístrase neste cuarto mes de 2019 un forte crecemento da demanda turística regrada na provincia de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 40,8% e o volume de noites un 36,2% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este comportamento positivo é transversal e afecta a todas as tipoloxías de aloxamento, con notable intensidade. No ámbito hoteleiro o crecemento sitúase no 24% mais no extrahoteleiro supera en máis do dobre as cifras de abril de 2018, especialmente nos apartamentos turísticos.
- O 79% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 57% nos hoteis e un 23% nas pensións-. O 21% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 11,5%- e os establecementos de turismo rural –co 9,1% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Descende o turismo interno –un 2,7%- e increméntase o turismo receptor –un 31% o de ámbito nacional e un 75% o internacional-. Residen aquí as cifras positivas deste mes.
- O segmento de maior peso neste cuarto mes do ano é o turismo receptor nacional –representa o 42,5% das noites hoteleiras-.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao da demanda. Mellora en todas as modalidades con intensidade variable mais importante –en sete puntos nos hoteis, dous puntos nas pensións, en quince puntos nos apartamentos turísticos e en case dez puntos en turismo rural-.
- A estadía media descende un 3,2% para situarse en 1,8 noites de media.

PROVINCIA DE LUGO
1º CUADRIMESTRE 2019

| TIPO DE ALOXAMENTO | VIAXEIROIS | | NOITES | | ESTADÍA MEDIA | | OCUPACIÓN | |
|-------------------------------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
| | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | % | Var. Int. 19/18 |
| HOTEIS | 98.620 | 4,5% | 171.898 | 6,8% | 1,74 | 2,2% | 29,09% | 1,26 |
| PENSIÓNS | 28.596 | -10,3% | 60.473 | -3,2% | 2,11 | 7,9% | 15,64% | -0,70 |
| ESTAB. HOTELEIROS | 127.217 | 0,8% | 232.372 | 4,0% | 1,83 | 3,2% | 23,75% | 0,49 |
| APTOS. TURÍSTICOS | 6.163 | 28,6% | 22.042 | 33,7% | 3,58 | 4,0% | 12,27% | -1,72 |
| TURISMO RURAL | 11.024 | 6,3% | 17.496 | 4,0% | 1,59 | -2,2% | 10,81% | 1,50 |
| ESTAB. EXTRAHOTELEIROS | 17.187 | 13,3% | 39.538 | 18,7% | 2,30 | 4,7% | - | - |
| TOTAL | 144.404 | 2,1% | 271.910 | 5,9% | 1,88 | 3,7% | - | - |

- No primeiro cuadrimestre deste 2019 rexístrase un crecemento global dos niveis de demanda turística regrada na provincia de Lugo. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 2,1% e o volume de noites un 5,9% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Obsérvase neste período un comportamento algo dispar da demanda nas diferentes tipoloxías. Incrementábase en todas elas agás nas pensións –onde se rexistra un descenso do 3,2%-. A suba é moderada nos hoteis e en turismo rural e moi acusada nos apartamentos turísticos.
- O 85,5% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 63,2% nos hoteis e un 22,2% nas pensións-. O 14,5% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 8,1%- e os establecementos de turismo rural –co 6,4% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste período un comportamento algo diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Descende o turismo interno, dos residentes en Galicia –un 3,8%- e incrementábase o receptor –un 2,9% o nacional e un 38,5% o internacional-.
- O segmento de maior peso neste período é o mercado interno –representa o 45% do total das noites hoteleiras-.
- Neste contexto positivo sobe e mellora a estadía media –un 3,7%- para situarse en 1,88 noites de media.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento dispar. Mellora en dúas tipoloxías concretas –en algo máis dun punto nos hoteis e nos establecementos de turismo rural- e descende, en cambio, nas pensións –menos dun punto- e nos apartamentos turísticos –en case dous puntos-.
- Os hoteis marcan tamén neste caso a cifra de ocupación máis elevada cun 29,1% de media neste período de catro meses.

PROVINCIA DE OURENSE
ABRIL 2019

| TIPO DE ALOXAMENTO | VIAXEIROIS | | NOITES | | ESTADÍA MEDIA | | OCUPACIÓN | |
|-------------------------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
| | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | % | Var. Int. 19/18 |
| HOTEIS | 24.985 | 23,0% | 46.166 | 17,4% | 1,85 | -4,5% | 36,82% | 4,44 |
| PENSIÓNS | 6.912 | 12,1% | 12.923 | 13,6% | 1,87 | 1,3% | 22,19% | 3,97 |
| ESTAB. HOTELEIROS | 31.897 | 20,5% | 59.089 | 16,6% | 1,85 | -3,2% | 32,16% | 4,61 |
| APTOS. TURÍSTICOS | 1.053 | 45,0% | 3.015 | 66,2% | 2,86 | 14,6% | 29,56% | 12,81 |
| TURISMO RURAL | 2.884 | 28,2% | 5.626 | 45,6% | 1,95 | 13,6% | 18,16% | 5,26 |
| ESTAB. EXTRAHOTELEIROS | 3.937 | 32,3% | 8.641 | 52,2% | 2,19 | 15,0% | - | - |
| TOTAL | 35.834 | 21,7% | 67.730 | 20,2% | 1,89 | -1,2% | - | - |

- En termos globais obsérvase neste mes de abril un comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de Ourense. En particular, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados –nun 21,7%- así como o volume de noites –un 20,2% neste caso-.
- Rexístrase un comportamento homoxéneo nas diferentes tipoloxías de aloxamento. O nivel de demanda sobe en todas as modalidades, un 17% no ámbito hoteleiro e en máis do 50% no extrahoteleiro –os apartamentos turísticos presentan o crecemento máis notorio cun 66% interanual-.
- O 87% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 68% nos hoteis e un 19% nas pensións-. O 13% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento tamén homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Increméntase o turismo interno un 18%, o receptor nacional un 14% e o internacional un 19%.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno, dos residentes en Galicia –representa o 46% do total das noites hoteleiras-.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento algo parecido ao da demanda. Mellora en todas as tipoloxías con intensidade notable en xeral, e moi destacada nos apartamentos turísticos –onde sobe en case trece puntos porcentuais-.
- A estadía media mantense relativamente estable neste mes con 1,9 noites.

PROVINCIA DE OURENSE
1º CUADRIMESTRE 2019

| TIPO DE ALOXAMENTO | VIAXEIROS | | NOITES | | ESTADÍA MEDIA | | OCUPACIÓN | |
|-------------------------------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
| | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | % | Var. Int. 19/18 |
| HOTEIS | 77.896 | 6,6% | 136.688 | 6,4% | 1,75 | -0,2% | 29,95% | 1,63 |
| PENSIÓNS | 18.883 | -19,8% | 37.389 | -11,5% | 1,98 | 10,4% | 17,04% | 0,18 |
| ESTAB. HOTELEIROS | 96.780 | 0,2% | 174.077 | 2,0% | 1,80 | 1,8% | 25,74% | 1,52 |
| APTOS. TURÍSTICOS | 2.342 | -27,4% | 6.076 | -17,2% | 2,59 | 14,0% | 16,99% | -1,50 |
| TURISMO RURAL | 8.561 | -10,1% | 14.474 | -8,4% | 1,69 | 1,9% | 12,81% | -1,87 |
| ESTAB. EXTRAHOTELEIROS | 10.903 | -14,5% | 20.550 | -11,2% | 1,88 | 3,8% | - | - |
| TOTAL | 107.683 | -1,5% | 194.627 | 0,4% | 1,81 | 2,0% | - | - |

- Nos primeiros catro meses deste 2019 obsérvase certa estabilidade dos niveis de demanda turística regrada na provincia de Ourense. O volume de noites sobe un 0,4% como consecuencia da combinación de dous factores: caída da cifra de viaxeiros aloxados do 1,5% e mellora da estadía media, do 2,0%.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento. Sobe e mellora unicamente nos hoteis –nun 6,4%- e descende nas restantes tres modalidades –un 11,5% nas pensións, un 17,2% nos apartamentos turísticos e nun 8,4% en turismo rural-.
- O 89% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 70% nos hoteis e un 19% nas pensións-. O 11% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 3%- e os establecementos de turismo rural –co 8% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Neste caso increméntase o turismo interno –nun 4,1%- e o internacional –nun 25,9% e descende, en cambio, o receptor nacional –nun 7,7% neste caso-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste período é o mercado interno –representa a metade das noites hoteleiras-.
- A estadía media increméntase neste período –un 2,0% en particular-, para situarse en 1,8 noites.
- En termos de ocupación obsérvanse variacións tamén dispares: mellora nos hoteis –en 1,6 puntos-, mantense estable nas pensións e descende no ámbito extrahoteleiro –en 1,5 puntos nos apartamentos turísticos e en case dous puntos nos establecementos de turismo rural-.
- Xustamente son os hoteis a tipoloxía que rexistra a cifra de ocupación máis elevada, cun 30,0% de media neste período de catro meses.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
ABRIL 2019

| TIPO DE ALOXAMENTO | VIAXEIROS | | NOITES | | ESTADÍA MEDIA | | OCUPACIÓN | |
|-------------------------------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
| | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | % | Var. Int. 19/18 |
| HOTEIS | 101.300 | 18,0% | 218.077 | 18,3% | 2,15 | 0,3% | 41,43% | 4,51 |
| PENSIÓNS | 13.262 | 75,1% | 24.396 | 51,1% | 1,84 | -13,7% | 27,40% | 6,04 |
| ESTAB. HOTELEIROS | 114.562 | 22,6% | 242.473 | 20,9% | 2,12 | -1,4% | 39,39% | 4,52 |
| APTOS. TURÍSTICOS | 2.136 | 10,6% | 6.432 | 50,0% | 3,01 | 35,6% | 16,02% | 0,61 |
| TURISMO RURAL | 4.036 | 63,9% | 8.045 | 104,4% | 1,99 | 24,8% | 15,12% | 7,42 |
| ESTAB. EXTRAHOTELEIROS | 6.172 | 40,4% | 14.477 | 76,0% | 2,35 | 25,4% | - | - |
| TOTAL | 120.734 | 23,4% | 256.950 | 23,1% | 2,13 | -0,3% | - | - |


- Comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste cuarto mes de 2019. Obsérvase neste sentido un incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 23,4%- coma do volume de noites –do 23,1% neste caso-.
- O crecemento da demanda ten un carácter xeneralizado, isto é, prodúcese en todas as tipoloxías de aloxamento. O volume de noites sobe un 18% nos hoteis, nun 50% nas pensións e apartamentos turísticos e en máis do dobre nos establecementos de turismo rural.
- O 94,4% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 84,9%- e ás pensións –co 9,5% neste caso-. A porcentaxe restante fica entre os establecementos de turismo rural e os apartamentos turísticos.
- Só para o ámbito hoteleiro obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes crece a demanda no turismo interno –un 10,7%- , no mercado receptor nacional –un 22,0%- e no internacional –un 31,5%-.
- Neste mes é o mercado receptor nacional o de maior peso na provincia –absorbe o 48,5% do total da demanda-. A outra metade repártese en partes case iguais entre o interno e o internacional.
- Os niveis de ocupación varían tamén de forma positiva. Mellora de forma notable nos hoteis –en 4,5 puntos-, nas pensións –en seis puntos- e en turismo rural –en máis de sete puntos- e de forma moi moderada nos apartamentos turísticos –en 0,6 puntos neste caso-.
- Mantense estable neste mes a estadía media, situándose en pouco máis de 2,1 noites –a cifra máis elevada das catro provincias-.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
1º CUADRIMESTRE 2019


| TIPO DE ALOXAMENTO | VIAXEIROIS | | NOITES | | ESTADÍA MEDIA | | OCUPACIÓN | |
|-------------------------------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
| | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | Nº | Var. Int. 19/18 | % | Var. Int. 19/18 |
| HOTEIS | 265.694 | 3,7% | 527.295 | 2,9% | 1,98 | -0,8% | 33,70% | 0,93 |
| PENSIÓNS | 27.182 | 8,7% | 67.104 | 20,1% | 2,47 | 10,5% | 21,34% | 3,53 |
| ESTAB. HOTELEIROS | 292.877 | 4,2% | 594.398 | 4,6% | 2,03 | 0,4% | 31,62% | 1,36 |
| APTOS. TURÍSTICOS | 3.629 | -8,1% | 9.705 | 9,1% | 2,67 | 18,7% | 9,14% | -0,78 |
| TURISMO RURAL | 7.907 | 22,9% | 16.767 | 53,1% | 2,12 | 24,6% | 8,92% | 3,09 |
| ESTAB. EXTRAHOTELEIROS | 11.536 | 11,1% | 26.472 | 33,4% | 2,29 | 20,0% | - | - |
| TOTAL | 304.413 | 4,4% | 620.870 | 5,6% | 2,04 | 1,1% | - | - |

- No primeiro cuadrimestre deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra. En particular, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 4,4% e o volume de noites un 5,6% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- O crecemento da demanda é unha característica común a todas as tipoloxías de aloxamento, isto é, sobe e mellora en todas elas con intensidade variable –un 3% nos hoteis, un 9% nos apartamentos turísticos, un 20% nas pensións e un 53% nos establecementos de turismo rural–.
- O 96% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 85%– e ás pensións –co 11% neste caso–. A porcentaxe restante fica entre os apartamentos turísticos –co 2%– e os establecementos de turismo rural –co 2% tamén neste caso–.
- Só para o ámbito hoteleiro obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Sobe o nivel de demanda en todos eles con intensidade variable: un 6% o interno, un 1% o receptor nacional e un 11% o internacional.
- O mercado receptor nacional é o de maior volume e peso na provincia. Representa o 43,1% do total da demanda neste período.
- A estadía media increméntase suavemente –un 1,1% en particular– para situarse en pouco máis de dúas noites.
- Os niveis de ocupación varían de forma dispar neste período. Mellora suavemente nos hoteis –en case un punto porcentual–, de forma máis notable nas pensións e nos establecementos de turismo rural –máis de tres puntos– e descende, en cambio, nos apartamentos turísticos –en case un punto neste caso–.
- Os hoteis marcan tamén en Pontevedra a cifra de ocupación máis elevada, cun 33,7% de media neste período de catro meses.


Reparto da demanda turística regrada. Noites abril 2019



Variación da demanda turística regrada. Noites abril 19/18



Reparto da demanda turística regrada. Noites 1º cuadrimestre 2019



Variación da demanda turística regrada. Noites 1º cuadrimestre 19/18

